

PROXECTO LINGÜÍSTICO

A. C.E.I.P. DO XURÉS (Lobios)

No D.O.G. do 29 de xuño de 2007 publicouse o Decreto que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

O artigo 14 do devandito decreto di que cada cento elaborará o seu proxecto lingüístico.

I. C.E.I.P. DO XURÉS: O SEU ENTORNO. HÁBITOS LINGÜÍSTICOS MÁIS FRECUENTES DE PAIS, NENOS/AS E MESTRES/AS.

O Colexio Público do Xurés está situado no Concello de Lobios (Ourense).

Na actualidade están en funcionamento as seguintes unidades:

2 de Educación Infantil

1 de 1º ciclo de Primaria

1 de 2º ciclo de Primaria

1 de 3º ciclo de Primaria

O Claustro está formado por 8 mestres/as.

No entorno no que está ubicado o colexio, a lingua falada polos nenos/as e pais/nais é o galego.

O profesorado utiliza o galego tanto na relación social dentro da comunidade educativa como nas explicacións da clase.

O resto da comunidade educativa (coidadores e persoal de cociña) tamén empregan o galego como lingua habitual.

II. ANÁLISE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO CENTRO

Na actualidade o emprego da lingua galega é xeral en tódolos aspectos de:

a. Organización do centro:

Aspectos visuais: nome do Centro, rotulación das distintas dependencias, taboleiros de anuncios, etc.

Documentación administrativa e de xestión do Centro: actas de Claustro, consello escolar, reunións de traballo; libros de rexistro, material de avaliación, correspondencia, circulares, Memoria do Centro e outras documentacións da secretaría, etc..

Outros aspectos: lingua do Xornal Escolar, das actividades do comedor, das festas, nas tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, actividades informáticas na docencia...)

b. Relacións sociais dentro da comunidade educativa

Reunións de Claustro, relación entre os profesores/as, entre o persoal non docente, usada polo neno/a na súa relación na aula, no patio, co profesorado, cos pais, etc..

O uso está normalizado tanto a nivel oral coma a nivel da escrita e da lectura, aínda que a estes dous últimos niveles se presentan algunhas dificultades: O dominio da

normativa non destaca, sendo importante o respecto que se traduce cara ás particularidades da zona, como sinal de identidade.

Partindo desta situación, e dado que a escola ten un papel fundamental como lugar para aprende-la lingua, **convén fixa-las actividades encamiñadas a correxi-las eivas sobre todo ortográficas, fonéticas e de léxico e que favorezan o gusto pola lingua**, para poder usala correctamente en tódalas situacións comunicativas, manipulala, creala, recreala e autoestimala.

Por todo elo, dadas as poderosas razóns lingüístico-sociais que así o xustifican, decidimos que:

- Os **criterios** para determinar a lingua predominante do contorno veñen dados pola porcentaxe de alumnos/as nos que a lingua materna é o galego
- As **linguas empregadas nas diferentes áreas e etapas** educativas son as seguintes:
 - en Educación Infantil: o galego é lingua vehicular en tódalas áreas e a maior parte do material impreso empregado está en galego.
 - en Educación Primaria: en tódolos cursos a lingua vehicular é o galego e as materias impartidas nesta lingua son as seguintes: todas agás Lingua Castelá e Lingua Inglesa.
- **Fomento do plurilingüismo**: Seguindo as liñas fixadas no obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE, e tendo en conta o noso contexto predominante de galego falantes coidamos que na actualidade o plurilingüismo é xa unha realidade viva no noso centro.

III. LÍNEAS PRIORITARIAS DE TRABAJO DO ENL DO CENTRO:

a. OBXECTIVOS XERAIS:

- Implicar a tódolos compoñentes do centro no proxecto lingüístico.
- Promover a autoestima lingüística das familias, valorándoas como elemento imprescindible na transmisión do idioma e como elemento insubstituíble na aprendizaxe dos nenos/as
- Defensa da Lingua Galega no seu emprego escolar e extraescolar.
- Potenciar o costumismo e o folclore sempre dende unha perspectiva local inicial, de cara a ser estendida ó coñecemento de "ser", "sentir" e facer do noso país.
- Promover a necesidade de escribir e o mesmo tempo favorecer a lectura en galego

b. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover a aprendizaxe da lectoescritura en galego
- Dar cumprimento a todo canto se expón no "Plan de Lectura", como parte do desenvolvemento da LOE para este curso, na medida en que afecte á Lingua Galega
- Aprender a valorar a lingua de Galicia empregándoa en tódalas situacións comunicativas
- Intentar que as actividades sexan agradables. Aprender xogando.
- Aprender a utiliza-los libros valorando o servizo que prestan.
- Intentar que a Biblioteca sexa algo lúdico.
- Implicar a alumnas e alumnos na organización da Biblioteca.
- Potenciar a creatividade.
- Valorar as tradicións propias da zona, fomentando o respecto polo que herdamos dos nosos maiores.
- Dar a coñecer á comunidade educativa o traballo realizado na escola a prol da normalización lingüística, mediante o xornal e radio escolar.
- Aprender a utilizar diferentes técnicas de traballo.

- Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos, utilización de recursos que ofrece internet, ...

c. ACTIVIDADES

- Recompilación de bibliografía e información legal para uso do profesorado e membros da comunidade escolar en xeral.
- Exposición no colexio de carteis referidos ós libros e que inviten á lectura.
- Comentar e traballar textos e libros en galego coa correspondente ficha de lectura.
- Preparar conferencias coloquio con algún escritor/a, animador/a á lectura dos que previamente se preparase na clase algún dos seus libros.
- Elaborar un estudio sobre os libros máis lidos polos rapaces/as a fin de coñece-los seus gustos pola lectura e tratar de satisfacelos.
- Investigación sobre escritores, investigadores, persoas relacionadas coa cultura, etc. que sexan do entorno e/ou que teñan colaborado na recuperación da dignidade da lingua.
- Realización de carteis relacionados coa lingua galega con motivo da celebración no colexio das festas tradicionais galegas: magosto, entroido, día das letras galegas.
- Elaboración de contos, historias, poesías, cómics, diaporamas, etc. onde os personaxes sexan galegos.
- Recolleita de cantigas de Nadal, Reis, Entroido; refráns, contos, lendas, cancións,... transmitidos a nivel oral.
- Introducir xogos de mesa que leven á aprendizaxe da lingua.
- Recompilación dos xogos populares da zona en fichas específicas con material.
- Celebracións de índole costumista-popular e tradicional: magosto, entroido, etc., comparando como as facían antano e nos nosos días.
- Investigar sobre hábitos da comunidade educativa: alimenticios, ocio, ... comparando como eran antes e agora.
- Investiga-los oficios tradicionais da zona
- Publicación no Xornal Escolar dunha escolma dos traballos realizados e actividades máis salientables realizadas durante o curso polos nenos/as
- Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de diversos enlaces, a consulta doutras páxinas de interese.